



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

ASISTENCIA PLENO:

Alcalde:

Don Manuel Muíño Espasandín BNG

Concelleiros:

Don José Manuel Brenlla Castiñeira	BNG
Dona Natalia Espasandín Pazos	BNG
Dona María Pilar García García	BNG
Don Manuel García Velo	BNG
Don David Rial Montes	PP
Don José David Gómez Brandariz	PP
Dona Sheila Rial Mata	PSOE

Ausentes:

Don Germán Pérez Freire	BNG
Dona Cristina Pardiñas Lorenzo	BNG
Don José Martín Cundíns Suárez	PP

Secretaría:

Dona Isabel Outeiriño Sánchez

Interventora:

Laura Rodríguez Arranz

ACTA DA SESIÓN URXENTE EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 06.02.2025

En Zas, o día 6 de febreiro de 2025, ás trece horas, reuníronse no salón de actos, habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Muíño Espasandín, coa asistencia da secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver unha sesión urxente extraordinaria do Pleno, en base á orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

A señora secretaria verifica, que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución. Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na orde do día.

PRIMEIRO.- Ratificación da urxencia

O Sr. Alcalde explica a urxencia na convocatoria do Pleno para dar cumprimento ó prazo de solicitude do POS da Deputación.

Sometida a votación, ratifícase a urxencia por unanimidade co voto a favor de tódolos presentes, 5 votos a favor do BNG 2 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE.

SEGUNDO.- Aprobación, se procede, do “POS+2025”

O Sr. Alcalde explica brevemente a proposta e da lectura á mesma.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A vista do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal **POS+2025**, aprobado pola Deputación da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 03.12.2024 co número 233.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Visto que o Concello desexa solicitar o POS+2/2025 para o financiamento de gastos correntes e investimentos e as competencias que teño legalmente atribuídas en virtude da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO,

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	254.424,79 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	408.975,48 €
Subtotal gasto corrente	663.400,27 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
SUBSTITUCIÓN CÉSPEDE ARTIFICIAL E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL PLATAS REINOSO - BAIO	84.905,89 €	180.000,00 €		180.000,00 €	264.905,89 €
SUBMINISTRACIÓN DUNHA MINIESCAVADORA CON BRAZO HIDRAÚLICO	82.038,00 €	0,00 €		0,00 €	82.038,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	166.943,89 €	180.000,00 €		180.000,00 €	346.943,89 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega					



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

provincial 2024					
-----------------	--	--	--	--	--

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	254.424,79 €				254.424,79 €
	Achega 2024	408.975,48 €				408.975,48 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	166.943,89 €	180.000,00 €		180.000,00 €	346.943,89 €
	Achega 2024					
C- TOTAL	Achega 2025	421.368,68 €	180.000,00 €		180.000,00 €	601.368,68
	Achega 2024	408.975,48 €				408.975,48 €
	TOTAL	830.344,16 €	180.000,00 €		180.000,00 €	1.010.344,16€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MCR DE SOBREIRA – O SISTO	47.809,08 €		47.809,08 €
RENOVACIÓN BEIRRARRÚAS NÚCLEO URBANO ZAS	78.783,67 €		78.783,67 €
TOTAIS	126.592,75 €		126.592,75 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Toma a palabra o voceiro do PP e pregunta, se os 180.000 euros vainos aportar o Concello ou preténdense conseguir doutras Administracións?, por qué non se financia todo co POS?

O Sr. Alcalde contesta que esperamos obter máis financiación doutras Administracións ou de outras subvencións.

O voceiro do PP volve a tomar a palabra e manifesta que considera excesivo que o 80% do POS se destine a gasto corrente.

O Sr. Alcalde contesta que moitos Concellos están seguindo esta tónica, especialmente trala reactivación das regras fiscais.

Sometido a votación, adóptase o seguinte ACORDO por unanimidade dos presentes, 5 votos a favor do BNG 2 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE.

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	254.424,79 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	408.975,48 €



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Subtotal gasto corrente	663.400,27 €
-------------------------	--------------

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
SUBSTITUCIÓN CÉSPEDE ARTIFICIAL E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL PLATAS REINOSO - BAIO	84.905,89 €	180.000,00 €		180.000,00 €	264.905,89 €
SUBMINISTRACIÓN DUNHA MINIESCAVADORA CON BRAZO HIDRAÚLICO	82.038,00 €	0,00 €		0,00 €	82.038,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	166.943,89 €	180.000,00 €		180.000,00 €	346.943,89 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
	Achega 2025	254.424,79 €				254.424,79 €

FIRMADO POR Isabel Outeiriño Sánchez (FECHA: 11/02/2025 12:59:00) , Manuel Muíño Espasandín (FECHA: 11/02/2025 15:02:00)

Versión imprimible

CVD: jnmcs4VnsjPKoKPHh017
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	408.975,48 €				408.975,48 €
B- INVERSIONES	Achega 2025	166.943,89 €	180.000,00 €		180.000,00 €	346.943,89 €
	Achega 2024					
C- TOTAL	Achega 2025	421.368,68 €	180.000,00 €		180.000,00 €	601.368,68
	Achega 2024	408.975,48 €				408.975,48 €
	TOTAL	830.344,16 €	180.000,00 €		180.000,00 €	1.010.344,16€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MCR DE SOBREIRA – O SISTO	47.809,08 €		47.809,08 €
RENOVACIÓN BEIRARRÚAS NÚCLEO URBANO ZAS	78.783,67 €		78.783,67 €
TOTAIS	126.592,75 €		126.592,75 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

TERCEIRO.- Aprobación, se procede, do “POS+ADICIONAL 3/2025”

O Sr. Alcalde explica brevemente a proposta e da lectura á mesma.

“PROPOSTA DE ACORDO

A vista do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ ADICIONAL 3/2025, aprobado pola Deputación da Coruña e publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 03.12.2024 co número 233.

Visto que o Concello desexa solicitar o POS+ ADICIONAL 3/2025 para o financiamento de gastos correntes e as competencias que teño legalmente atribuídas en virtude da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO,

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 3/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:

(17 concellos indicados na base 14.3)

Gastos correntes 2025	Asignación POS+ Ad 3/2025 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	148.718,36 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
//www.concellodezas.org//

Sometido a votación, adóptase o seguinte ACORDO por unanimidade dos presentes, 5 votos a favor do BNG 2 votos a favor do PP e 1 voto a favor do PSOE.

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 3/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:

(17 concellos indicados na base 14.3)

Gastos correntes 2025	Asignación POS+ Ad 3/2025 aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	148.718,36 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por terminado o acto, ás 13.15 horas do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor Alcalde.

En Zas,

A Secretaria

Isabel Outeiriño Sánchez

VºPr.

O Alcalde,

Manuel Muíño Espasandín